



SOBRE A ETIMOLOXÍA DA PALABRA “VALURO”

Xosé Otero Canto

Hai, penso, un descoñecemento ou idea moi terxiversada e incluso falseada da etimoloxía da palabra “valuro”, que a min me chegou por boca de Xosé Manuel Carballo Ferreiro, ao que lle agradezo o legado, mais..., quen eran os valuros? Hai quen os fai poboadores da antiga Veria, Cospeito, como Fernández de Boán e Felipe de la Gándara¹, que din que alí se daba culto ao deus Baal e pénsase que a palabra valuro viría dos que seguirían as doutrinas deste, aínda que Baal sexa o deus da choiva e do trebón, ben representado na nosa Terra Chá ou Valuria como cunca na que os lóstregos fan aparición continuada, o mesmo ca Baal está representado cun raio na man destra, e viríalle moi ben acaído á Valuria aínda que sería unha quimera evolucionar como algúns pretenden a palabra valuro a partir de Baal.

O que si é verdade é que foi un pobo maldito e perseguido pola relixión cristiá a causa de non ser crentes debido precisamente ao enraizamento doutra relixión ancestral que hoxe por hoxe descoñecemos, mais que intuímos e que moi posiblemente a denominación dese deus ao que adoraban teña que ver coa palabra valuro.

Para Eladio Rodríguez González² a verba valuro equivale a “brujo, hechicero, que a la vez oficiaba de médico, sacerdote, milagrero o profeta”. Como podemos ver, esta xente chamada valura non podía aceptar o cristianismo porque a súa concepción relixiosa non se acercaba para nada a esta nova forma de entender o mundo e a vida propia do cristianismo ou relixión que entra posteriormente na Valuria ou Terra Chá, e de aí que os valuros seguiran, aínda que perseguidos, desconfiando, como é natural, dunha relixión que lles queren impoñer.

O mesmo Eladio Rodríguez González chama tamén valuro ao habitante dos Montes Valuros “el que vive al pie de la antigua estación lacustre de Santa Cristina, cerca de la Sierra Valura”.

Se nos poñemos a pensar con certa claridade, observaremos que a persecución non soamente foi sobre os valuros, senón tamén sobre a palabra “valuro” e todo o relacionado con esta cultura, a xulgar pola denominación que nos fai dunha serra, chamada “Serra Valura” e que ninguén sabe onde está nin os mesmos chairegos oímos falar nunca deste topónimo que, como vemos, acabou varrido como apelativo topográfico. Como recordo da miña infancia, direi que cando unha persoa nomeaba a palabra “valuro”, inmediatamente baixaba o ton da súa voz como se estivese prohibido falar dela a non ser como alcume, e sempre en voz queda. Sabémolo ben os que vivimos a etapa histórica da Ditadura cando pronunciabamos o nome do ditador.

1 Citados por RIELO CARBALLO, Isaac: *Aproximación histórica ós baluros ou valuros*. Caderno monográfico repartido en Castro de Rei, 28-02-16 (= “Xosé Manuel Carballo e os baluros”, *Cerna de Carballo. Xosé Manuel Carballo visto por 200 amigas e amigos*. Xermolos-Irmandade Manuel María. Colección Pedra Alveira nº 6. 2015).

2 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. A Coruña 1958-1961.

En *Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801*³ fálanos de que o plantío de maciñeiras debera fomentarse en "la vega de Sarria" e logo "por las llanuras de la Balura, siempre pobladas sus riberas de robles". Razoamos logo que a palabra Balura, e Montañas Baluras, non existen na actualidade e que a súa desaparición ben puidese ser froito dunha persecución deste pobo por parte dalgún estamento posiblemente relixioso ou político, aínda que os datos parecen acercarse máis ao primeiro. Deberíamos reivindicar hoxe e poñer en valor esta denominación xeográfica que nos atinxe a todos nós e sacala do eido do esquecemento, valorala e darlle a xustiza que merece para recuperar a nosa identidade valura.

Don Ánxel Fole⁴ sostiña que baluros é palabra derivada de "paluros", e estes eran habitantes das palafitas nas cidades lacustres que tanto tiveron que abondar pola Chaira.

Esta derivación parécenos moi fantasiosa porque calquera filólogo sabe que un "p" inicial, xamais pode converterse no "b"; é dicir, unha bilabial-oclusiva-xorda inicial non pode evolucionar a unha bilabial-oclusiva-sonora, e, polo mesmo, terían que seguir chamándose "paluros", pero non "baluros".

O que si é certo, é que o latín *palus, paludis* significa "pantano", e se os valuros eran habitantes das palafitas e dos terreos pantanosos, habería que chamalos "palustre(m)" ou "palustres" mais nos Baluros.

O étimo máis parecido sería *paludicu(m)* que ao meu modesto entender nunca podería evolucionar a valuro; en todo caso sería "paludigo" ou "paluo" con poucas posibilidades da aparición dun "r" epentético.

Isaac Rielo escribe "...de aquí o de *valetudinarii* do que se derivou valuro ou baluro, persoa doente. Doenza da que se aproveitaban, alén doutras malas artes, para moveren á piedade os sentimentos e as vontades dos parroquiáns". Evidentemente, de *valetudinarii* non pode derivar, en todo caso do acusativo de *valetudinarius, -ia, -ium* que significa "enfermo", "que goza de pouca saúde".

Coido que os que evolucionan a palabra deste étimo, están quizabes metidos dentro dunha teima ou influencia relixiosa, da que non son conscientes, pois penso que é contraria aos valuros primixenios que non tiñan porque ser uns mendicantes, e o feito de que estas persoas se fixesen pasar por enfermos ou esmoleiros nun momento determinado da súa historia non presupón de ningunha maneira que os valuros nas súas orixes fosen o que a Igrexa católica, moi interesada polo que xa dixemos, lles puxera ese sambenito inquisitorial.

De *valetudinarii* sería imposible derivalo, en todo caso sería do acusativo latino *valetudinariu(m)* do que habería que evolucionar valuro e que a min persoalmente daríame algo así como "valdoneiro", mais penso que sería moi difícil chegar a "valuro".

Francisco Villar y B. M. Prósper no libro *Vascos, celtas e indoeuropeos. Genes y Lenguas*⁵ fálanos na páxina 35 e anteriores dun sufixo hidrónimo paleoeuropeo en *-ur e -urium* que xa está testemuñado por Plinio como palabra nativa hispana relativa ás augas. Estes mesmos autores tamén comentan a existencia dun étimo indoeuropeo *uro e *ura que significa "río de augas porcas e cenagosas". De aquí si que xa podemos evolucionar a palabra "valuro", do latín *valle(m)* que significa "val", e de uro cuxo significado é "augas cenagosas"; é dicir "val de pantanos" onde moraban os nosos valuros, habitantes do Val da Chaira, posiblemente chamada VALURIA ou VALURA e nas palafitas lamacentas e palúdicas das que falaba don Ánxel Fole.

3 ABASCAL, Juan Manuel; CEBRIÁN, Rosario (2009): *Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801*. Alicante: Espagráfic. Real Academia de la Historia.

4 Referido por CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel: "Carta aberta a Manolo Rodríguez". *Galicia Dixital*. 25-02-2016.

5 VILLAR, Francisco; PRÓSPER, B. M. (2005): *Vascos, celtas e indoeuropeos. Genes y Lenguas*. Salamanca: Edic. Universidad. Páxs. 35 e anteriores.

Probablemente outra das formas etimolóxicas máis acertadas para a palabra “valuro”, sempre co “v” e nunca co “b” podería ser do latín *valles*, de *vallis*, -is, cuxo acusativo sería *valle(m)* que evolucionaría a “val”, e da outra parte da palabra *urus*, *uri*, co seu acusativo *uru(m)* que significa e que evoluciona a “uro” ou “touro salvaxe”.

O significado de valuro sería, pois, o val onde viven os uros ou touros salvaxes. Aínda que os uros os situemos na Europa Central e Oriental, hai que pensar que na mesma Cantabria na Cueva del Castillo, coñecida cova da pintura prehistórica, constátase a presenza de uros, bisontes e rinocerontes. Véxase o libro *Cantabria: historia e instituciones* de Alfonso Moure Romanillo⁶.

En Asturias, na cova de La Loja distínguese coa técnica do camafeo a un cabalo e a cinco uros ou touros salvaxes, o que podería apuntar á existencia deles na nosa Chaira. No xornal *El Comercio*⁷ lemos o seguinte “A 50 metros de la entrada... entre 14.500 y 15000 años de antigüedad... un artista primigenio... impregnó en la roca contornos de varios bóvidos con aspecto de uros (toros salvajes ya extinguidos...) ... Gracias a la utilización de alta definición se ha hallado la figura de un sexto uro. Así lo indicó ayer Óscar Sánchez encargado de la Cueva de La Loja”.

Tamén na mesma Galiza e no Courel concretamente, hai unha cova chamada “Cova do Uro”, e a súa denominación xa non nos deixa dúbidas da súa existencia e aínda hoxe dos descendentes do uro como serían a vaca friesa, a vaca limiá, entre outras e nin que dicir ten da nosa vaca rubia galega que polo seu porte e planta se achegaría a este rúmante prehistórico.

Penso que esta evolución é das máis lóxicas a xulgar pola presenza dun val, a Valuria ou Terra Chá, chea de auga e por iso tamén chea de pastos, de comida moi abundante para os herbívoros, o mesmo que en Cantabria. En todo caso, cando os uros habitaban A Chaira, a temperatura era moito máis fría e conxugaría

coa presenza destes uros ou touros salvaxes o mesmo que na Europa Central e Oriental, que en rabaños ou fatos pacerían tranquilamente nos longuísimos prados chairegos, onde os seus moradores, aínda hoxe lle damos culto á vaca.

Resumindo, diremos que o que máis acertado nos parece para evolucionar a palabra valuro, serían as etimoloxías procedentes de “val de augas pantanosas” ou ben “val onde habitan os uros ou touros salvaxes”.

6 MOURE ROMANILLO, Alfonso. (2002): *Cantabria, historia e instituciones*. Universidad de Cantabria.

7 TERRY BAASTERRA/PANES, Xornal dixital *El Comercio.es*. 22-04-14. I.

Bibliografía

ARIAS VILAS, Felipe. (2015): "Soleira da obra Valuria de Xosé Otero Canto", *As Foulas do Rañego* Nº 12. Xermolos-Irmandade Manuel María.

ABASCAL, Juan Manuel; CEBRIÁN, Rosario. (2009): *Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801*. Alicante: Espagrafic. Real Academia de la Historia.

CARBALLO FERREIRO, Xosé Manuel: "Carta aberta a Manolo Rodríguez". *Galicia Dixital* 25-05-2016.

CUBA, Xan; MIRANDA, Xosé; REIGOSA, Antonio. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*. Xerais.

DORREGO MARTÍNEZ, Filomena. (2005): "Sobre os Baluros: mito e realidade", *Croa*, Nº 15.

MOURE ROMANILLO, Alfonso. (2002): *Cantabria, historia e institucións*. Universidad de Cantabria.

RIELO CARBALLO, Isaac: *Aproximación histórica ós baluros ou valuros*. Caderno monográfico repartido en Castro de Rei 28-02-16.

RIELO CARBALLO, Isaac. (2015): "Xosé Manuel Carballo e os baluros". Artigo do libro *Cerna de Carballo. Xosé Manuel Carballo visto por 200 amigas e amigos*. Xermolos-Irmandade Manuel María. Colección Pedra Alveira Nº 6.

TERRY BAASTERRA/PANES: *El Comercio.es* 22-04-14. Xornal.

VILLAR, Francisco; PRÓSPER, B. M^a. (2005): *Vascos, celtas e indoeuropeos. Genes y Lenguas*. Edic. Universidad de Salamanca.